



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2009 17:34
Nº Rexistro: 16925
Data envío: 16/12/2009 17:34:03.475

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez, Henrique Viéitez Alonso e María do Carme Adán Villamarín, deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de mellora e adecuación ás necesidades das usuarias e usuarios das estacións marítimas de Moaña e Vigo.

A Federación de Asociacións Veciñais de Moaña “A Chamusca” ven de facer públicas as queixas recibidas por numerosos usuarios e usuarias do transporte marítimo da ría polas deficiencias (e nalgún caso imposibilidade de uso) que presentan as estacións marítimas de pasaxeiros e pasaxeiros de Moaña e Vigo.

No caso de Vigo, as obras de remodelación da estación marítima deixou aos usuarios e usuarias sen espazo aberto para a protección das inclemencias climáticas, e tampouco sen servizos hixiánicos ou outros de calquera tipo.

O caso de Moaña é surrealista. Existe instalación física, mais non pode ser utilizada ao ser substituída a antiga navieira que desenvolvía o servizo de transporte marítimo (Mar de Ons) pola actual compañía (Nabia).

Así as cousas, a venda de billetes realízase directamente no propio barco, co que tampouco existe un espazo de espera digno e debidamente acondicionado. Até o uso dos servizos hixiánicos se vincula a ser cliente da cafetería, segundo figura no correspondente cartaz do establecemento polo que se accede aos servizos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A administración pública galega, neste caso a Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, debe articular coa máxima urxencia as accións precisas para rematar de inmediato con esta indigna situación de precariedade. Usuarias e usuarios do servizo de transporte marítimo de ría non se merecen este trato.

Estas sons as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que avaliación realiza a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da situación na que se encontran as estacións marítimas de Moaña e Vigo?

2.^a) Que actuación concretas se desenvolverán na estación marítima de Vigo?

3.^a) En que prazo se efectuarán?

4.^a) Vaise recuperar a estación marítima de Moaña para os usuarios e usuarias do transporte marítimo de ría?

5.^a) En caso positivo, en que prazo?

6.^a) Resulta lóxico que os usuarios e usuarias deste servizo teñan que ficar á intemperie, na espera dos barcos?

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Henrique Viéitez Alonso

María do Carme Adán Villamarín

Deputados e deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 16/12/2009 17:02:38

Henrique Viéitez Alonso na data 16/12/2009 17:03:59

María do Carme Adán Villamarín na data 16/12/2009 17:04:07